

CARTA DOS DIREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN EUROPEA



CARTA DOS DIREITOS FUNDAMENTAIS DA UNIÓN EUROPEA

Proclamación Solene

O Parlamento Europeu, o Consello e a Comisión proclaman solenemente, en canto Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, o texto a seguir transcrito

Feito en Nice, en sete de Decembro de dous mil.

Polo Parlamento Europeu

Polo Consello da Unión Europea

Pola Comisión Europea

PREÁMBULO

Os povos da Europa, establecendo entre si unha unión cada vez mais estreita, decidiron partillar un futuro de paz, asentado en valores comuns.

Consciente do seu patrimonio espiritual e moral, a Unión basea-se nos valores indivisíbeis e universais da dignidade do ser humano, da liberdade, da igualdade e da solidariedade; asenta nos principios da democracia e do Estado de Dereito.

Ao instituír a cidadanía da Unión e ao crear un espazo de liberdade, de seguranza e de xustiza, coloca o ser humano no cerne da súa acción.

A Unión contribuí para a preservación e o desenvolvemento destes valores comuns, no respecto pola diversidade das culturas e das tradicións dos povos de Europa, ben como da identidade nacional dos Estados Membros e da organización dos seus poderes públicos nos ámbitos nacional, rexional e local; procura promover un desenvolvemento equilibrado e duradouro e asegura a libre circulación das persoas, dos bens, dos servizos e dos capitais, así como a liberdade de establecemento.

Para o feito, é necesario, conferindo-lles maior visibilidade por medio de unha Carta, reforzar a protección dos dereitos fundamentais, à luz da evolución da sociedade, do progreso social e da evolución científica e tecnolóxica.

A presente Carta reafirma, no respecto polas atribucións e competencias da Comunidade e da Unión e na observancia do principio da subsidiariedade, os dereitos que decorren, nomeadamente, das tradicións constitucionais e das obrigacións interna-

cionais comuns aos Estados Membros, do Tratado da Unión Europea e dos Tratados comunitários, da Convención europea para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, das Cartas Sociais aprovadas pola Comunidade e polo Consello da Europa, ben como da xurisprudencia do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e do Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos.

O gozo destes dereitos implica responsabilidades e deberes, tanto para con as outras persoas individualmente consideradas, como para con a comunidade humana e as xerazóns futuras.

Sendo así, a Unión reconece os dereitos, liberdades e principios a seguir enunciados.

CAPÍTULO I DIGNIDADE

Artigo 1º

Dignidade do ser humano

A dignidade do ser humano é inviolábel. Deve ser respectada e protexida.

Artigo 2º

Direito à vida

1. Todas as persoas teñen dereito à vida.
2. Nengunha persoa pode ser condenada à pena de morte, nen executada.

Artigo 3º

Direito à integridade do ser humano

1. Todas as persoas teñen dereito ao respecto pola súa integridade física e mental.
2. No dominio da medicina e da bioloxía, deben ser respectados, nomeadamente:
 - o consentimento libre e informado da persoa, nos termos estalelecidos por lei;

- a prohibición das prácticas eutélicas, nomeadamente das que teñen por finalidade a selección das persoas;
- a prohibición de transformar o corpo humano ou as súas partes, en canto tais, numa fonte de lucro;
- a prohibición da clonaxe reprodutiva dos seres humanos.

Artigo 4º

Prohibición da tortura e dos tratos ou penas desumanos ou degradantes

Ninguén pode ser submetido a tortura, nen a tratos ou penas desumanos ou degradantes.

Artigo 5º

Prohibición da escravatura e do traballo forzado

1. Ninguén pode ser suxeito a escravatura nen a servidume.
2. Ninguén pode ser constrinxido a realizar traballo forzado ou obrigatorio.
3. É prohibido o tráfico de seres humanos.

CAPÍTULO II LIBERDADES

Artigo 6º

Direito à liberdade e à seguranza

Todas as persoas teñen dereito à liberdade e à seguranza.

Artigo 7º

Respeito pola vida privada e familiar

Todas as persoas teñen dereito ao respecto da súa vida privada e familiar, do seu domicilio e das súas comunicacións.

Artigo 8º

Protección de datos persoais

1. Todas as persoas teñen dereito à protección dos datos de carácter persoal que lles digan respecto.
2. Eses datos deben ser obxecto de un tratamento leal, para fins específicos e con o consentimento da persoa interesada ou en virtude de outro fundamento lexítimo previsto por lei. Todas as persoas teñen o dereito de acceder aos datos recollidos que lles digan respecto e de obter a respectiva rectificación.

3. O cumprimento destas regras fica suxeito a fiscalización por parte de unha autoridade independente.

Artigo 9º

Dereito de contrair casamento e de constituir familia

O dereito de contrair casamento e o dereito de constituir familia son garantidos polas lexislacións nacionais que rexen o respectivo exercicio.

Artigo 10º

Liberdade de pensamento, de consciencia e de relixión

1. Todas as persoas teñen dereito à liberdade de pensamento, de consciencia e de relixión. Este dereito implica a liberdade de mudar de relixión ou de convicción, así como a liberdade de manifestar a súa relixión ou a súa convicción individual ou colectivamente, en público ou en privado, através do culto, do ensino, de prácticas e da celebración de ritos.

2. O dereito à obxección de consciencia é recoñecido polas lexislacións nacionais que rexen o respectivo exercicio.

Artigo 11º

Liberdade de expresión e de información

1. Todas as persoas teñen dereito à liberdade de expresión. Este dereito comprende a liberdade de opinión e a liberdade de recibir e de transmitir informacións ou ideas, sen que poda haber inxerencia de poderes públicos e sen consideración de fronteiras.

2. Son respectados a liberdade e o pluralismo dos medios de comunicación social.

Artigo 12º

Liberdade de reunión e de asociación

1. Todas as persoas teñen dereito à liberdade de reunión pacífica e à liberdade de asociación a todos os niveis, nomeadamente nos domínios político, sindical e cívico, o que implica o dereito de, con outren, fundaren sindicatos e de neles se filiaren para a defensa dos seus intereses.

2. Os partidos políticos ao nivel da Unión contribuen para a expresión da vontade política dos cidadáns da Unión.

Artigo 13º

Liberdade das artes e das ciencias

As artes e a investigación científica son libres. É respectada a liberdade académica.

Artigo 14º

Direito à educación

1. Todas as persoas teñen dereito à educación, así como ao acceso à formación profesional e continua.
2. Este dereito incluí a posibilidade de frecuentar gratuitamente o ensino obrigatorio.
3. Son respectados, segundo as lexislacións nacionais que rexen o respectivo exercicio, a liberdade de creación de establecementos de ensino, no respecto polos principios democráticos, e o dereito dos pais de aseguraren a educación e o ensino dos fillos de acordo con as súas conviccións relixiosas, filosóficas e pedagóxicas.

Artigo 15º

Liberdade profesional e dereito de traballar

1. Todas as persoas teñen o dereito de traballar e de exercer unha profesión libremente escollida ou aceptada.
2. Todos os cidadáns da Unión teñen a liberdade de procurar emprego, de traballar, de se establecer ou de prestar servizos en calquer Estado- Membro.
3. Os nacionais de países terceiros que sexan autorizados a traballar no territorio dos Estados-Membros teñen dereito a condicións de traballo equivalentes a aquelas de que benefician os cidadáns da Unión.

Artigo 16º

Liberdade de empresa

É recoñecida a liberdade de empresa, de acordo com o dereito comunitario e as lexislacións e prácticas nacionais.

Artigo 17º

Dereito de propiedade

1. Todas as persoas teñen o dereito de fruír da propiedade dos seus bens legalmente adquiridos, de os utilizar, de dispor deles e de os transmitir en vida ou por morte. Ninguén pode ser privado da súa propiedade, excepto por razóns de utilidade pública, nos casos e condicións previstos por lei e mediante xusta indemnización pola respectiva perda, en tempo útil. A utilización dos bens pode ser regulamentada por lei na medida do necesario ao interese xeral.
2. É protexida a propiedade intelectual.

Artigo 18º

Dereito de asilo

É garantido o dereito de asilo, no cadro da Convención de Xenebra de 28 de Xullo de 1951 e do Protocolo de 31 de Xaneiro de 1967, relativos ao estatuto dos refuxiados, e nos termos do Tratado que instituí a Comunidade Europea.

Artigo 19°

Protección en caso de afastamento, expulsión ou extradición

1. Son proibidas as expulsións colectivas.
2. Ninguén pode ser afastado, expulso ou extraditado para un Estado onde corra sério risco de ser suxeito a pena de morte, a tortura ou a outros tratos ou penas desumanos ou degradantes.

CAPÍTULO III IGUALDADE

Artigo 20°

Igualdade perante a lei

Todas as persoas son iguais perante a lei.

Artigo 21°

Non discriminación

1. É proibida a discriminación en razón, designadamente, do sexo, raza, cor ou orixe étnica ou social, características xenéticas, lingua, relixión ou conviccións, opinións políticas ou outras, pertenza a unha minoría nacional, riqueza, nacimiento, deficiencia, idade ou orientación sexual.

2. No ámbito de aplicación do Tratado que instituí a Comunidade Europea e do Tratado da Unión Europea, e sen prexuízo das disposicións especiais destes Tratados, é prohibida toda discriminación en razón da nacionalidade.

Artigo 22°

Diversidade cultural, relixiosa e lingüística

A Unión respeta a diversidade cultural, relixiosa e lingüística.

Artigo 23°

Igualdade entre homes e mulleres

Deve ser garantida a igualdade entre homes e mulleres en todos os dominios, incluíndo en materia de emprego, traballo e remuneración.

O principio da igualdade non obsta a que se manteñan ou adopten medidas que preveñan vantaxes específicas a favor do sexo subrepresentado.

Artigo 24°

Direitos das crianzas

1. As crianzas teñen dereito à protección e aos cuidados necesarios ao seu ben-estar. Poden expresar libremente a súa opinión,

que será tomada en consideración nos asuntos que lles digan respeito, en función da súa idade e maturidade.

2. Todos os actos relativos às crianzas, quer praticados por entidades públicas, quer por institucións privadas, terán primordialmente en conta o interese superior da crianza.

3. Todas as crianzas teñen o dereito de manter regularmente relacións persoais e contactos directos con ambos os proxenitores, excepto se iso for contrario aos seus intereses.

Artigo 25º

Dereitos das persoas idosas

A Unión reconece e respeta o dereito das persoas idosas a unha existencia digna e independente e à súa participación na vida social e cultural.

Artigo 26º

Integración das persoas con deficiencia

A Unión reconece e respeta o dereito das persoas con deficiencia a beneficiaren de medidas destinadas a asegurar a súa autonomía, a súa integración social e profesional e a súa participación na vida da comunidade.

CAPÍTULO IV SOLIDARIEDADE

Artigo 27º

Dereito à información e à consulta dos traballadores na empresa

Debe ser garantida aos niveis apropiados, aos traballadores ou aos seus representantes, a información e consulta, en tempo útil, nos casos e nas condicións previstos polo dereito comunitario e polas lexislacións e prácticas nacionais.

Artigo 28º

Dereito de negociación e de acción colectiva

Os traballadores e as entidades patronais, ou as respectivas organizacións, teñen, de acordo con o dereito comunitario e as lexislacións e prácticas nacionais, o dereito de negociar e de celebrar convencións colectivas, aos niveis apropiados, ben como de recorrer, en caso de conflito de intereses, a accións colectivas para a defensa dos seus intereses, incluíndo a folga.

Artigo 29º

Dereito de acceso aos servizos de emprego

Todas as persoas teñen dereito de acceso gratuito a un servizo de emprego.

Artigo 30°

Protección en caso de despedimento sen xusta causa

Todos os traballadores teñen dereito a protección contra os despedimentos sen xusta causa, de acordo con o dereito comunitario e as lexislacións e prácticas nacionais.

Artigo 31°

Condições de traballo xustas e equitativas

1. Todos os traballadores teñen dereito a condicións de traballo saudábeis, seguras e dignas.
2. Todos os traballadores teñen dereito a unha limitación da duración máxima do traballo e a períodos de descanso diário e semanal, así como a un período anual de férias pagas.

Artigo 32°

Prohibición do traballo infantil e protección dos xovens no traballo

É prohibido o traballo infantil. A idade mínima de admisión ao traballo non pode ser inferior à idade en que cesa a escolaridade obrigatória, sen prexuízo de disposicións máis favorábeis aos xovens e salvo derogacións ben delimitadas.

Os xovens admitidos ao traballo deben beneficiar de condicións de traballo adaptadas à súa idade e de unha protección

contra a explotación económica e contra todas as actividades susceptibles de prexudicaren a súa seguranza, saúde ou desenvolvemento físico, mental, moral ou social, ou de poren en causa a súa educación.

Artigo 33°

Vida familiar e vida profesional

1. É asegurada a protección da familia nos planos xurídico, económico e social.
2. A fin de poderen conciliar a vida familiar e a vida profesional, todas as persoas teñen dereito a protección contra o despedimento por motivos ligados à maternidade, ben como a unha licenza por maternidade paga e a unha licenza parental polo nacemento ou adopción de un fillo.

Artigo 34°

Seguranza social e asistencia social

1. A Unión reconece e respeta o dereito de acceso às prestacións de seguranza social e aos servizos sociais que conceden protección en casos como a maternidade, doenza, accidentes de traballo, dependencia ou vellez, ben como en caso de perda de emprego, de acordo con o dereito comunitario e as lexislacións e prácticas nacionais.

2. Todas as persoas que residan e que se desloquen legalmente no interior da Unión teñen dereito ás prestacións de seguranza social e ás vantaxes sociais nos termos do dereito comunitario e das lexislacións e prácticas nacionais.

3. A fin de lutar contra a exclusión social e a pobreza, a Unión reconece e respeta o dereito a unha asistencia social e a unha axuda á vivenda destinadas a asegurar unha existencia digna a todas aquelas persoas que non dispoñan de recursos suficientes, de acordo con o dereito comunitario e as lexislacións e prácticas nacionais.

Artigo 35º

Protección da saúde

Todas as persoas teñen o dereito de acceder á prevención en materia de saúde e de beneficiar de cuidados médicos, de acordo con as lexislacións e prácticas nacionais. Na definición e execución de todas as políticas e accións da Unión, será asegurado un elevado nivel de protección da saúde humana.

Artigo 36º

Aceso a servizos de interese económico xeral

A Unión reconece e respeta o acceso a servizos de interese económico xeral tal como previsto nas lexislacións e prácticas nacionais, de acordo con o Tratado que instituí a Comunidade Europea, a fin de promover a coesión social e territorial da Unión.

Artigo 37º

Protección do medio ambiente

Todas as políticas da Unión deben integrar un elevado nivel de protección do ambiente e a melloría da súa calidade, e asegurálos de acordo con o principio do desenvolvemento sustentábel.

Artigo 38º

Defensa dos consumidores

As políticas da Unión deben asegurar un elevado nivel de defensa dos consumidores.

CAPÍTULO V CIDADANIA

Artigo 39º

Dereito de eleger e de ser eleito nas eleccións para o Parlamento Europeo

1. Todos os cidadáns da Unión gozan do dereito de eleger e de ser eleitos para o Parlamento Europeo no Estado-Membro de residencia, nas mesmas condicións que os nacionais dese Estado.

2. Os membros do Parlamento Europeo son eleitos por sufráxio universal directo, libre e secreto.

Artigo 40°

Direito de eleger e de ser eleito nas eleccións municipais

Todos os cidadáns da Unión gozan do dereito de eleger e de ser eleitos nas eleccións municipais do Estado-Membro de residencia, nas mesmas condicións que os nacionais dese Estado.

Artigo 41°

Dereito a unha boa administración

1. Todas as persoas teñen dereito a que os seus asuntos sexan tratados polas institucións e órganos da Unión de forma imparcial, equitativa e nun prazo razoábel.

2. Este dereito comprende, nomeadamente:

- o dereito de toda persoa a ser ouvida antes de ser tomada calquer medida individual ao seu respecto que a afecte desfavorablemente;
- o dereito de toda persoa a ter acceso aos procesos que se lle refiran, dentro do respecto dos lexítimos intereses da confidencialidade e do segredo profesional e comercial;
- a obrigaón, por parte da administración, de fundamentar as súas decisións.

3. Todas as persoas teñen dereito à reparación, por parte da Comunidade, dos danos causados polas súas institucións ou polos seus axentes no exercicio das respectivas funcións, de acordo con os principios xerais comúns às lexislacións dos Estados-Membros.

4. Todas as persoas teñen a posibilidade de se dirixir às institucións da Unión nunha das linguas oficiais dos Tratados, devendo obter unha resposta na mesma lingua.

Artigo 42°

Dereito de acceso aos documentos

Calquer cidadán da Unión, ben como calquer persoa singular ou colectiva con residencia ou sede social nun Estado-Membro, ten dereito de acceso aos documentos do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión.

Artigo 43°

Valedor do pobo

Calquer cidadán da Unión, ben como calquer persoa singular ou colectiva con residencia ou sede social nun Estado-Membro, ten o dereito de presentar peticións ao Valedor do Pobo da Unión, respeitantes a casos de má administración na actuación das institucións ou órganos comunitarios, con excepción do Tribunal de Xustiza e do Tribunal de Primeira Instancia no exercicio das respectivas funcións xurisdiccionais.

Artigo 44°

Direito de petición

Calquer cidadán da Unión, ben como calquer persoa singular ou colectiva con residencia ou sede social nun Estado-Membro, goza do dereito de petición ao Parlamento Europeo.

Artigo 45°

Liberdade de circulación e de permanencia

1. Calquer cidadán da Unión goza do dereito de circular e permanecer libremente no territorio dos Estados-Membros.

2. Pode ser concedida a liberdade de circulación e de permanencia, de acordo con as disposicións do Tratado que instituí a Comunidade Europea, aos nacionais de países terceiros que residan legalmente no territorio de un Estado-Membro.

Artigo 46°

Protección diplomática e consular

Todos os cidadáns da Unión benefician, no territorio de países terceiros en que o Estado-Membro de que son nacionais non se encontre representado, de protección por parte das autoridades diplomáticas e consulares de calquer Estado-Membro, nas mesmas condicións que os nacionais dese Estado.

CAPÍTULO VI XUSTIZA

Artigo 47°

Dereito à acción e a un tribunal imparcial

Todas as persoas cuxos dereitos e liberdades garantidos polo dereito da Unión teñan sido violados teñen dereito a unha acción perante un tribunal.

Todas as persoas teñen dereito a que a súa causa sexa xulgada de forma equitativa, publicamente e nun prazo razoábel, por un tribunal independente e imparcial, previamente establecido por lei.

Todas as persoas teñen a posibilidade de se facer aconsellar, defender e representar en xuízo.

É concedida asistencia xudiciaria a quen non dispoña de recursos suficientes, na medida en que esa asistencia sexa necesaria para garantir a efectividade do acceso à xustiza.

Artigo 48°

Presunción de inocencia e dereitos de defensa

1. Todas as persoas imputadas son presumiblemente inocentes encanto non tiver sido legalmente probada a súa culpa.

2. É garantido a todas as persoas imputadas o respeito dos dereitos de defensa.

Artigo 49º

Principios da legalidade e da proporcionalidade dos delitos e das penas

1. Ninguén pode ser condenado por unha acción ou por uma omisión que no momento da sua prática non constituía infracción perante o direito nacional ou o direito internacional. Do mesmo modo, non pode ser imposta unha pena mais grave do que a aplicável no momento en que a infracción foi practicada. Se, posteriormente à infracción, a lei previr unha pena mais leve, deve ser esa a pena aplicada.

2. O presente artigo non impedirá a sentenza ou a pena a que teña sido condenada unha persoa por uma acción ou por unha omisión que no momento da sua prática constituía crime segundo os principios xerais recoñecidos por todas as nacións.

3. As penas non deben ser desproporcionadas en relación à infracción.

Artigo 50º

Direito a non ser xulgado ou punido penalmente mais do que unha vez polo mesmo delito

Ninguén pode ser xulgado ou punido penalmente por un delito do cal xa teña sido absolvido ou polo cal xa teña sido condenado na Unión por sentenza penal firme nos termos da lei.

CAPÍTULO VII DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 51º

Ámbito de aplicación

1. As disposicións da presente Carta teñen por destinatários as institucións e órganos da Unión, na observancia do principio da subsidiariedade, ben como os Estados-Membros unicamente cuando apliquen o direito da Unión. Así sendo, estes deben respectar os direitos, observar os principios e promover a sua aplicación, de acordo con as respectivas competencias.

2. A presente Carta non crea nengunha atribución nen competencia novas para a Comunidade ou para a Unión, nen modifica as atribucións e competencias definidas nos Tratados.

Artigo 52º

Ámbito dos direitos garantidos

1. Calquer restrición ao exercicio dos direitos e liberdades recoñecidos pola presente Carta deve ser prevista por lei e respectar o contido esencial deses direitos e liberdades. Na observancia do principio da proporcionalidade, esas restricións só poden ser introducidas se foren necesarias e corresponderen efectivamente a obxectivos de interese xeral recoñecidos pola

Unión, ou à necesidade de protección dos dereitos e liberdades de terceiros.

2. Os dereitos recoñecidos pola presente Carta que se baseen nos Tratados comunitarios ou no Tratado da Unión Europea serán exercidos de acordo con as condicións e límites por estes definidos.

3. Na medida en que a presente Carta conteña dereitos correspondentes aos dereitos garantidos pola Convención europea para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais, o sentido e o ámbito deses dereitos son iguais aos conferidos por esa convención, a non ser que a presente Carta garanta unha protección máis extensa ou máis ampla. Esta disposición non obsta a que o dereito da Unión confira unha protección máis ampla.

Artigo 53º

Nível de protección

Nengunha disposición da presente Carta debe ser interpretada no sentido de restrinxir ou lesar os dereitos humanos e as liberdades fundamentais recoñecidos, nos respectivos ámbitos de aplicación, polo dereito da Unión, o dereito internacional e as convencións internacionais en que son partes a Unión, a Comunidade ou todos os Estados-Membros, nomeadamente a *Convención europea para a protección dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais*, ben como polas Constitucións dos Estados-Membros.

Artigo 54º

Prohibición do abuso de dereito

Nengunha disposición da presente Carta debe ser interpretada no sentido de implicar calquer dereito de exercer actividades ou practicar actos que visen a destrución dos dereitos ou liberdades por ela recoñecidos, ou restricións maiores deses dereitos e liberdades que as previstas na presente Carta.



